



XUNTA
DE GALICIA

POLOS CREATIVOS


SA-Cosendo co teu pai

02-Pensa


PASO A PASO DA MONTAXE




1. Prepara todos os materiais. Podes empregar a cortadora láser ou cortar cun coitelo de precisión utilizando o modelo en cartolina.




2. Colle a peza inferior e sinala onde van coserse as outras pezas dos broches de presión. Lembra identificar os polos.




3. Cose as dúas pezas do broche de presión por tres buratos deixando un deles tal e como amosa a imaxe.



4. Colle a segunda peza perforada e localiza o LED de cor.




5. Comproba que funciona e identifica a súa polaridade (pata larga: polo "+"; pata curta: polo "-").




6. Insire o LED como ves na figura; podes axudarte dun punzón para facer mellor os buratos.



7. Dobra as patas do *LED*. Aconsellamos empregar un alicate de punta redonda para facer un lazo que facilite a costura.



8. Cose cada burato do broche coa pata correspondente do *LED*. Unha recomendación para mellorar as nosas habilidades: **"Enfiada longa, costureira cativa"**.



9. Dálle a volta e, empregando o portapilas, comproba que acende.



10. Agora é o momento de coser e cantar.



11. Remataches o noso broche? Sigamos pensando!